



**Proposta resolución favorable á selección de entidades colaboradoras coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, para a xestión de subvencións destinadas ao acceso dos cidadáns a novas conexións a internet, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2011 e 2012, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (feder), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007- 2013 (procedemento administrativo PR524A).**

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

1. As empresas indicadas no anexo desta resolución presentaron solicitudes ao procedemento de selección de entidades colaboradoras para a xestión de subvencións destinadas ao acceso dos cidadáns a novas conexións a internet dentro do prazo establecido na Resolución do 24 de maio de 2011 pola que se convoca o proceso de selección de entidades colaboradoras coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, para a xestión de subvencións destinadas ao acceso dos cidadáns a novas conexións a internet, e pola que se aproban as bases reguladoras das ditas subvencións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2011 e 2012, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007- 2013, e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo PR524A, publicada no DOG nº 106 do 3 de xuño de 2011).
2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, no casos nos cales a solicitude de adhesión non reunía algún dos requisitos esixidos na convocatoria, requiriuse ás entidades solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emendasen a falta ou achegasen os documentos preceptivos. Neste requirimento fíxose indicación expresa de que, se así non o fixesen, se terían por desistidas na súa petición, logo da correspondente resolución.
3. Unha vez revisadas as solicitudes de participación e as emendas feitas en función do cumprimento dos requisitos esixidos, constatouse a corrección de todas as solicitudes formuladas.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

1. A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica é o órgano competente para resolver de conformidade co disposto no artigo 6º da convocatoria.
2. Segundo o disposto no artigo 8 da convocatoria: *"Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instructor formulará a proposta de resolución, que elevará á titular da Secretaría Xeral, quen ditará a correspondente resolución que conterá a consideración favorable de todas aquelas entidades solicitantes que reúnan os requisitos esixidos nesta convocatoria para as entidades colaboradoras."*
3. O artigo 10 da convocatoria establece que: *"A notificación da resolución ás entidades que sexan seleccionadas favorablemente incluírá a invitación da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á sinatura dun convenio de colaboración para que acaden a condición de Entidades Colaboradoras, con suxeición ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007."*

*A notificación da resolución favorable establecerá un prazo máximo de 10 días para a sinatura do convenio de colaboración. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade seleccionada asine o convenio entenderase que a entidade renuncia á súa sinatura. A notificación tamén establecerá o procedemento de sinatura do convenio.*

*O convenio de colaboración que se asinará recollerá o disposto nas bases reguladoras que se achegan como anexo I a esta resolución. Tamén recollerá os requisitos de personalidade, solvencia e eficacia que figuran nesta resolución."*

Vista a Resolución do 24 de maio de 2011 relativa ao procedemento PR524A; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de



subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e demais normativa vixente de aplicación

**PROPOÑO:**

1. Considerar favorables as solicitudes das entidades que figuran no Anexo desta resolución.
2. Notificar a resolución aos interesados.
3. Citar aos interesados, en primeira convocatoria, para realizar o acto de sinatura o día 20 de decembro de 2011, na Sala D do Edificio Administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela. No caso de non poderen asistir, establécese un prazo máximo de 10 días, contados dende a publicación desta resolución no DOG, para que envíen o convenio asinado a esta Secretaría Xeral. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade seleccionada asine o convenio entenderase que a entidade renuncia á súa sinatura

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2011.

A subdirectora xeral de Desenvolvemento da  
Sociedade da Información  
P.A.: O xefe de servizo de Xestión da  
Sociedade da Información

José Luis Somoza Digón

Vista a proposta que antecede, veño a darlle a miña conformidade nos termos expostos elevándoa a Resolución.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer, no seu caso:

1. Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contando a partir do día seguinte á súa notificación, segundo os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte á súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E todo iso sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen oportuno.

A secretaria xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica

Mª del Mar Pereira Álvarez



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica

galicia



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNION EUROPEA

ANEXO

| Razón Social                               | NIF       | Número de expediente | Resolución |
|--------------------------------------------|-----------|----------------------|------------|
| VODAFONE ESPAÑA S.A.U                      | A80907397 | 16611                | FAVORABLE  |
| TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.                | A82018474 | 16787                | FAVORABLE  |
| TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.U.           | A78923125 | 16801                | FAVORABLE  |
| R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. | A15474281 | 16820                | FAVORABLE  |